



Contía da subvención

Artigo 17.3 LSG "O importe da subvención en ningún caso pode ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada."

Artigo 1.4 da convocatoria "4. En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais ou calquera outro ingreso derivado do proxecto supere o 100 % do custe da actividade subvencionada, segundo establece o artigo 17.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia".

-Isto quere dicir:

A ecuación en calquera subvención é $\text{Ingresos} \leq \text{Gastos}$.

Nunca o conxunto de ingresos pode superar o 100% custo da actividade.

Gastos subvencionables

Non todos os gastos son subvencionables:

Unicamente serán aqueles que respondan á natureza da actividade obxecto da subvención determinados na convocatoria e para cada modalidade e realizados dentro do período subvencionable 1/11/23-31/10/24.

Non serán aqueles que exclúe a lei e a convocatoria:

art.29.7 LSG

art.5.8. convocatoria

Polo que pode distinguirse gastos subvencionables para adxudicar a subvención, que se cumprimenta no recadro do Anexo II "*Importe da Subvención Solicitada*" e gastos relacionados co proxecto, subvencionables ou non, que son os que compoñen o recadro "*Orzamento do proxecto*" do Anexo II e do recadro do Anexo III "*Orzamento total do proxecto*".

Gastos xerais

Art.5.9 convocatoria

Son gastos xerais asociados á execución das actividades subvencionadas que non poidan ser imputados de forma directa ás actividades obxecto da subvención, tales como gastos



indirectos de auga, gas, electricidade, mensaxería, teléfonos, material de oficina consumido, seguros, limpeza, aluguer de oficina, e outros non especializados imputables directamente as actividades.

Tamén gastos de persoal que se imputan de xeito rateado o tempo de traballo dedicado a actividade subvencionada.

Por exemplo persoal administrativo da empresa, que está en nómina e parte do tempo de traballo diario, por exemplo 4 horas adicadas á xestión da xira durante un mes.

Distinción das mantenzas/dietas.

Art.5 punto 3 a) y b) da convocatoria. Modalidades A1,A2,a3,B1,B2,B3

Estes gastos son subvencionables, cos límites establecidos no apartado b)

Poden contemplarse na nómina, no caso de ser persoal contratado laboral pola empresa. Outra forma de acreditarse, sería coa factura do establecemento a nome da persoa beneficiaria e o correspondente pagamento.

Convenio colectivo aplicable/réxime xurídico aplicable

Actores/actrices

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia, na cal se actualizan as táboas salariais para o ano 2024

Músicos

A remuneración dos músicos tomarase como referencia os importes establecidos nas axudas á RGMV "Cada solista ou membro da banda deberá cobrar un mínimo de 250,00 euros (sen IVE)".

Autónomos

Temos que diferenciar:

1. Autónomo/persoa solicitante da subvención que traballa no espectáculo.



Acreditarase cunha declaración responsable na que deberá indicarse, a natureza do traballo realizado, o tempo de traballo efectivo, o custo de mercado por unidade de tempo do seu traballo e o importe imputado ó proxecto cos límites establecidos nos convenios colectivos correspondentes aos efectos de equiparación e tratamento similar.

2. Autónomos contratados pola empresa solicitante.

Neste suposto é contratación mercantil mediante a correspondente factura e pagamento.

Anexo IV

Caben dúas maneiras:

Por toda a xira un único anexo IV.

Un anexo IV por cada bolo.

No caso de xira de distribución interior con diferentes cachés tamén sería aconsellable presentar un por cada espectáculo da xira ou engadir unha folla resumo.

*Recordade que no apartado de gastos de distribución interior, no fai o sumatorio dos custos de SS, polo que poderedes presentar un documento aparte ou indicalo no mesmo anexo no apartado de observacións.

Modalidade A3 e B3

Nesta modalidade unicamente subvencionable será o 60% dos custos totais, pero debendo xustificar o 100% do custo.

Para todas as modalidades

O límite da axuda é o importe do contrato de distribución art. 5.4 que nunca será maior a 15.000 euros.

Caché de artistas (Modalidade B2)

Art.5.3.2 das bases.

Estes custes non poderán supoñer máis do 60% do caché declarado pola entidade solicitante para o espectáculo obxecto da subvención na Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA). No caso de que a entidade solicitante non teña ofertado o espectáculo na RGTA, o caché será o que se estableza na solicitude.



Servizos profesionais

Considérase persoal técnico un Tour Manager? Si

Qué representante da empresa pode acompañar aos artistas que non sexa persoal contratado (contrato mercantil/socio traballador...con labores artísticas ou técnicas, e estarase ao suposto concreto.

No Artigo 5.8.b) exclúense como gastos subvencionables: *b) Os honorarios profesionais e outros similares derivados da realización de representacións vinculados ao proxecto, agás os considerados artísticos ou técnicos.*

Si, pero teñen que presentarse aos efectos do cómputo total dos gastos.

Transporte de materiais

Entrarían costes de facturación de equipaxe especial e instrumentos con factura e xustificante bancario.